



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



Convocatoria Campionato Galego de Inline Freestyle 2026

Convocatoria Campionato Galego de Inline Freestyle 2026 XUNTA DE GALICIA

Por proposta do Comité Galego de Patinaxe Freestyle, e organizado polo Club Freestyle Slalom Vigo xunto coa Federación Galega de Patinaxe (FGP), celebrarase o Campionato Galego de Inline Freestyle da tempada 2026, nas categorías feminina e masculina, para as seguintes idades:

Categoría	Idade a cumprir en 2026	Ano de nacemento
Mini	8 anos ou menos	2018 ou posteriores
Benxamín	9-10 anos	2017 - 2016
Alevín	11-12 anos	2015 - 2014
Infantil	13-14 anos	2013 - 2012
Xuvenil	15-16 anos	2011 - 2010
Junior	17-18 anos	2009 - 2008
Senior	19 anos ou máis	2007 - 1997
Máster	30 anos ou máis	1996 ou anteriores

No Campionato Galego poderán participar todos aqueles patinadores e patinadoras que conten con licenza federativa autonómica correspondente á tempada 2026.

A participación está aberta a deportistas doutras Federacións Autonómicas, mais só aqueles/as que teñan licenza galega en vigor poderán optar ao podio oficial.

O número mínimo de deportistas para convocar unha categoría será de **3 participantes**. No caso de non acadar este mínimo nalgunha modalidade, as categorías poderán ser **agrupadas, reorganizadas ou desenvolverse de forma mixta**, a criterio do **xuíz principal da competición**.

Non poderán optar a participar no Campionato de España de Inline Freestyle representando a Galicia aqueles/as patinadores/as que non participasen no presente Campionato Galego, salvo causa debidamente xustificada e aceptada expresamente polo Comité.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Campionato Galego de Inline Freestyle 2026

1 LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

O Campionato celebrarase en **Vigo (Pontevedra)**, no **Pavillón do Monte da Mina** (Camiño da Galindra, s/n, 36213), os días **sábado 11 de abril e domingo 12 de abril de 2026**.

Enlace coa ubicación:

📍 Pavillón do Monte da Mina

2 NORMATIVA XERAL.

Aplicarase o Regulamento Técnico de Inline Freestyle 2026 vixente, así como as Bases de Competición 2026 da Federación Galega de Patinaxe e todos os comunicados, actualizacións ou indicacións emitidas pola FGP a través do seu Comité Galego de Patinaxe Freestyle (CGF).

Todo o non previsto nesta convocatoria rexerase polo disposto na normativa específica da especialidade, polas Bases de Competición da FGP, polo Regulamento Xeral de Competicións e pola restante normativa federativa que resulte de aplicación.

Na proba de Free Jump (Salto) empregarase o sistema de elección de altura recollido no artigo 9.6 do Regulamento Técnico de Inline Freestyle 2026. A altura inicial deberá ser comunicada por cada club mediante correo electrónico a este Comité antes da finalización do prazo de inscrición. Unha vez publicados os ordes de saída coas alturas seleccionadas, non se admitirán cambios.

Na proba de Derrapes empregarase o sistema de competición con roldas clasificatorias recollido no artigo correspondente do Regulamento Técnico de Inline Freestyle 2026. Esta proba realizarase sobre o **solo azul específico de derrapes**, polo que, ao tratarse dun material diferente ao habitual, facilitaranse **máis tempos e zonas de quecemento específicos para esta proba**, co fin de que os deportistas poidan adaptarse ás condicións da superficie.

En materia de vestimenta, aplicarase o establecido nas Bases de Competición de Inline Freestyle. Os deportistas dun mesmo club que dispoñan de máis dunha indumentaria deberán utilizar a mesma durante o desenvolvemento dunha mesma proba e categoría. Na proba de Speed Slalom, o body considerase parte da indumentaria sempre que sexa coherente co resto do equipamento (mesmas cores e logotipo do club).

Os patinadores, adestradores e delegados deberán permanecer nas zonas asignadas para eles, que serán indicadas na reunión de delegados. O incumprimento reiterado das indicacións dadas pola organización ou polo Xuíz Árbitro poderá dar lugar á correspondente comunicación ao Comité de Disciplina.

En materia de proteccións para a proba de **Salto**, será de aplicación o seguinte:

- **Categorías MINI e Benxamín:** será **obrigatorio** o uso de casco e muñequeras.
- **Categorías superiores:** será **obrigatorio** o uso de muñequeras e **altamente recomendable** o uso de casco.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Campeonato Galego de Inline Freestyle 2026

3 PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓN

Serán requisitos indispensables para cada patinador/a:

- Ter **licenza autonómica en vigor** de Patinaxe Freestyle correspondente á tempada 2026.
- **Inscribirse na proba e nas modalidades nas que vaia competir a través da intranet da FGP**, antes do **martes 31 de marzo de 2026 ás 23:59 h.** Sen prexuízo do réxime excepcional de inscrición fóra de prazo previsto nas Bases de Competición 2026.
- Estar comprendido/a entre as idades especificadas para a súa categoría correspondente.
- **Ter acadada a condición de “apto/a” nas probas de nivel correspondentes ás disciplinas nas que desexe participar, cando así se esixa nas Bases de Competición vixentes.** Só poderán competir en cada disciplina aqueles/as patinadores/as que figuren como **aptos/as** no listado público habilitado para tal efecto polo Comité Galego de Patinaxe Freestyle, que poderá consultarse en:
 - [x CGF_2026_01_APTOS_CTO_GALEGO_2026.xlsx](#)
- A inscrición nunha disciplina sen ter acadado previamente o correspondente **apto/a** poderá ser revisada e anulada de oficio polo Comité.

Os/as patinadores/as dos distintos clubs deberán levar durante as probas, de forma **obrigatoria e sen excepcións**, a **indumentaria oficial do club** co que se inscriban, incluíndo a zona de competición, podio e zona de quencemento.

Na modalidade de **Classic Individual e/ou Parelhas**, poderá usarse vestiario específico para a actuación.

No podio non se **poderán empregar elementos publicitarios** como pancartas, lonas, bandeiras, ou “mascotas”. Só se poderá subir ao podio cos patíns postos nos pés.

A **música para as roldas de Classic e/ou Classic Parelhas** deberá enviarse antes do martes 07 de abril de 2026 ás 23:59h. ao mesmo correo. (comitefreestyle@fgpatinaxe.gal)

Deberá estar en formato **.mp3, editada e identificada** co nome do/a patinador/a e o club.

No caso de que a música non cumpra os requisitos técnicos ou de calidade, poderá ser devolta para a súa corrección, aplicándose as penalizacións regulamentarias se se reenvía fóra de prazo.

Para maior seguridade, recoméndase levar unha **copia da música o día da competición.**

4 REUNIÓN PREPARATORIA

Celebraránse ambos días de competición 15 minutos despois da apertura de portas, no propio lugar de competición.

A esta reunión deberán asistir os/as **delegados/as dos clubs participantes**, debidamente acreditados/as, xunto co **xuíz árbitro.**



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Campionato Galego de Inline Freestyle 2026

5 PROGRAMA DE COMPETICIÓN ORIENTATIVO

O Campionato Autonómico contemplará as seguintes modalidades oficiais:
Salto, Derrapes, Speed Slalom, Battle, Classic Individual e Classic Parelhas.

Sábado 11 de abril

- 10:00 Apertura de porta
- BATTLE
- SALTO
- CLASSIC PARELLAS
- DERRAPES
- 18:30 Entrega de premios e fin de xornada (aproximado)

Domingo 12 de abril

- 9:30 Apertura de portas
- CLASSIC
- SPEED
- 14:00 Entrega de premios e fin de competición (aproximado)

Dado que ata o **mércres 1 de abril** non se terá coñecemento oficial da totalidade de patinadores/as inscritos/as, a organización poderá limitar o número de participantes ou cancelar algunha modalidade de Inline Freestyle na que non se alcance o mínimo necesario para competir.

Este programa de competición é **totalmente orientativo**, e calquera modificación será publicada con antelación polos medios oficiais da FGP.

6 INCOMPARECENCIAS

Todo/a participante que, despois de formalizar a súa inscrición no Campionato Autonómico, desexe retirarse, deberá comunicalo á **Federación Galega de Patinaxe** cun mínimo de **48 horas de antelación** respecto ao inicio da competición.

A devandita retirada só será admitida en **casos excepcionais**, que deberán ser valorados polo **Comité de Competición**, previa achega da documentación xustificativa correspondente.

No caso de non cumprir este requisito, poderá abrirse o **expediente sancionador regulamentario**.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Campionato Galego de Inline Freestyle 2026

7 DISPOSICIÓNS FINAIS

- Todos/as os/as patinadores/as deberán presentarse na zona de competición con equipamento completo, en condicións adecuadas e co material de patinaxe en perfecto estado.
- Non se permitirá interromper ao Xuíz Árbitro durante o desenvolvemento da competición. Ningún patinador/a, adestrador/a, delegado/a ou membro dun club poderá cruzar ou permanecer na zona de competición delimitada polo Xuíz Árbitro sen autorización expresa dalgún dos xuíces. O incumprimento desta norma poderá derivar nunha sanción posterior.
- O clube organizador FSV e a Federación Galega de Patinaxe declina toda responsabilidade por accidentes que poidan producirse fóra do recinto da competición, incluídos desprazamentos ou traslados dos/as participantes.

A Coruña, 24 de marzo de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle